



2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de directores de escena serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de directores de escena será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2026 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de directores de escena, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día 31 de outubro de 2025.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DA
ASOCIACIÓN DE DIRECTORES DE ESCENA

Asdo. Natividad de Jesús González Rodríguez

Asdo. Eduardo Vicente Alonso Rodríguez

A SECRETARIA XERAL EN FUNCIÓNS
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Paula María Vázquez Carrasco

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 114 /2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE DIRECTORES DE ESCENA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR A PUBLICACIÓN DE OBRAS DO PREMIO DE TEATRO RAFAEL DIESTE EN EDICIÓN BILINGÜE GALEGO-CASTELÁN

A Coruña, 17 de novembro de 2025 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Paula María Vázquez Carrasco, Secretaria Xeral en funcións da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dona Natividad de Jesús González Rodríguez, en representación da Deputación Provincial de A Coruña,

Don Eduardo Vicente Alonso Rodríguez, en representación da Asociación de Directores de Escena

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- A Asociación de directores de escena (ADE), entidade con personalidade xurídica propia, constituída ao amparo do artigo 22 da Constitución Española e da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo de 2002, reguladora do dereito de asociación, ten como fins recollidos no artigo 4 dos seus estatutos, entre outros: promover a investigación, promoción e difusión do teatro como forma de comunicación, educación e cultura na sociedade actual; establecer e manter vínculos, colaboracións e convenios con todo tipo de organismos, institucións e entidades públicas e privadas, tanto nacionais como estranxeiras que compartan os seus fins e contribuír ao libre acceso de todos os cidadáns á cultura, segundo establece o artigo 41.1 da Constitución Española.

2.- O obxectivo da publicación de obras do Premio de teatro Rafael Dieste en edición bilingüe galego-castelán consiste na recuperación, estudo e edición das obras galardoadas no Premio de teatro "Rafael Dieste" da Deputación da Coruña, desde a súa fundación.

A colección Premios "Rafael Dieste" permite recuperar e difundir as obras teatrais que recibiron este galardón, que forma parte importante do patrimonio cultural galego e español, impulsado pola Deputación da Coruña.

A realización destas publicacións desde unha asociación do ámbito do teatro a nivel estatal como é a Asociación de Directores de Escena, achega ás mesmas unha solvencia profesional e editorial avalada por máis de trinta e cinco anos de traxectoria.

As publicacións permitirán facer chegar a unha gran cantidade de directores e profesionais do teatro de todo o estado e de Latinoamérica un conxunto de obras premiadas pola Deputación da Coruña, na súa versión orixinal en galego e na correspondente tradución ao castelán, o que pode redundar na montaxe e exhibición das mesmas nos escenarios españois e estranxeiros.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento da publicación de obras do Premio de teatro Rafael Dieste en edición bilingüe galego-castelán.

4.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

1.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación de directores de escena co NIF G28879724, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da publicación de obras do Premio de teatro Rafael Dieste en edición bilingüe galego-castelán, de conformidade co seguinte:

Os volumes previstos para 2025 son:

- Volume 14: Unha primavera para Aldara, de Teresa Moure (2007).
- Volume 15: 0,7% Molotov, de Santiago Cortegoso Calvar (2009).
- Volume 16: A función do Tequila, de Manuel Guede Oliva (2011).

Realizarase un acto de presentación dos volumes editados nun espacio teatral de Madrid.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola Asociación de directores de escena

A Asociación de directores de escena desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos edición e distribución

Servizos de profesionais independentes:

- Traducións..... 2.100,00
- Estudos preliminares..... 900,00
- Gastos de impresión (3 volumes)..... 8.400,00
- Deseño gráfico 850,00

Comunicacións

- Mensaxería e correos..... 600,00

Gastos de persoal

- Soldos e salarios.....3.500,00
-Seguridade social..... 1.300,00

Arrendamentos 700,00

Gastos presentación

- Desprazamentos..... 900,00
- Servizos técnicos..... 900,00

Total Gastos..... 20.150,00

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en metálico**, por importe máximo de **14.960,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **74,24318 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,24318 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a Asociación de directores de escena obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de directores de escena.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de directores de escena, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación de directores de escena deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas dentro da publicación de obras do Premio de teatro Rafael Diez en edición bilingüe galego-castelán, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de directores de escena.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación de directores de escena unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:
* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de directores de escena, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de directores de escena deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de directores de escena para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de directores de escena da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de directores de escena.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación de directores de escena deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación de directores de escena destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de directores de escena deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de directores de escena poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de directores de escena queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de auxizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.